



“Que a vida non me sorprenda xamais  
desprevenido calado e neutral  
e que un segundo antes de renderme  
vaia tamén comigo a imaxe do que fun cando era outro  
Fumes de Barakaldo Rentería Sestao  
invernías nos corpos desde dentro e ferro húmido  
nos aceiros da Ría do Nervión co Ruhr cruzado  
nos trens da Deutsche Bhn tocando carne de  
San Pauli  
Kreuzberg con fame de Kebab paseando libres  
á sombra do Muro coira vodka e Pogo  
demolición alternativa en revolta eficaz  
O cheiro acedo de suor a sono ferroviario ás cinco  
da mañá  
con frías de dúas noites e dous días en mono de metal  
Pena Moa Carqueixo o Bao en wáteres de dor entre  
ferruxe  
(...)” “Alerta e vixiante”, *Poesía última de amor e enfermidade* (1995)

“Adícase ao periodismo e colabora en revistas e traballos en prosa e verso.  
Como poeta leva publicadas diversas composicións. É de suliñar, sobre todo a  
súa participación no colectivo *De amor e desamor*.”

*Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), Francisco Fernández del Riego

# LOIS PEREIRO

(Monforte de Lemos, 1958 – A Coruña, 1996)

Foi un poeta e tradutor galego. Estudou inglés, francés e alemán na Escola Oficial de Idiomas. Fundou a revista *Loia* en Madrid e a partir de 1981 traballou na publicación *La Naval*. Realizou varias viaxes en tren por numerosos países europeos a mediados dos anos oitenta e comezou a traballar como tradutor e actor de dobraxe. En 1981 foi vítima dunha intoxicación masiva polo aceite desnaturalizado de colza que o fixo enfermar gravemente.

## GRANDES ÉXITOS



1992

*Poemas 1981-1991* (1992) é o seu primeiro libro, editado por Edicións Positivas; nel recóllense os seus poemas espallados en diferentes revistas e escolmas ata esa data. A súa poesía urbana, rompedora e marxinal, vén cargada dunha visión crítica, irónica e contracultural do seu tempo.

*Poesía última de amor e enfermidade* (1995) é un poemario no que está presente a enfermidade e a proximidade da morte. Un canto á vida, rebelde e apaixonado, como apunta o poema que propuxo para o seu epitafio: “Cuspídeme enriba cando pasedes por diante do lugar onde eu repouse, enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria”.



1995

